


ÍNDICE DE
COLABORADORES E
COLABORADORAS



BERNÁRDEZ VILAR, XOÁN
(Marín, 1936)

Escritor e investigador, licenciado en Xeografía e Historia pola U. de Vigo. Vive nesta cidade e reside periodicamente en Nigrán. Autor de numerosos ensaios, contos, colaboracións e relatos, a maioría distinguidos con premios literarios, a súa narrativa é toda ela de corte histórico. Entre ela *Un home de Vilameán* (1976), con acción no Val Miñor, e da que van publicadas once edicións, *¡Ouveade, naves de Tarsish!* (1983), *No ano do Cometa* (1986), *¡Xerusalén, Xerusalén!* (1992), *Bing-Bang* (1993), *A saga da illa sen noite* (2002).

No eido da investigación salientamos *Galicia no século VI a C.* (1990), Premio Galicia de Investigación da USC; *Egipto, a viaxe perdida de Egeria* (1990); *O incógnito monte Zephira da Ora Marítima* (1991); *A espediçom luso-dinamarquesa ao noroeste atlántico: alcançaron América os Portugueses antes do que Colom?* (1997-1998); *A xeografía do mito de Tristán e Isue* (2000); *Antes da invención de América. Navegacións precolombinas do século XV* (2001); *Vidas paralelas: Alexandre-Augusto. A arte ó servizo do poder* (2001); *A etapa portuguesa de Colon e a súa viaxe ultra Tile* (2002), Premio Taboada Chivite e *O comezo da nosa Idade Media: A Gallaecia que se emancipou de Roma* (2003), Premio Historia Medieval de Galicia. Vén de publicar *O rei Artur. Mito e realidade* (2005).

Na REM, nº 3, 2003 publicou “Consideracións acerca de Baiona e o Rei Afonso”. Por razóns laborais estivo durante décadas unido ao Val Miñor. [páx 29]

GARRIDO RODRÍGUEZ, XAIME
(Vigo, 1938)

Realizou estudos de Belas Artes na Escola de San Fernando de Madrid e titulouse en Arquitectura na mesma cidade. Desenvolve o seu traballo profesional de Arquitectura e Urbanismo na cidade olívica. Entre 1968 e 1973 foi Arquitecto Municipal de Baiona. Foi así mesmo presidente da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos e asesor técnico

da Universidade de Vigo. Realizou viaxes de estudo por diversos países de Europa e América. É membro fundador do Instituto de Estudos Vigueses. Defensor do patrimonio arquitectónico e paisaxístico, logrou que se declarasen Bens de Interese Cultural tanto a estación vella do ferrocarril de Vigo como o antigo Pazo de Xustiza. Recibiu os premios de investigación da Deputación de Pontevedra nos anos 1986 e 1989. Tamén o VII e o VIII premios Irmáns Gómez Román de Urbanismo e Arquitectura (anos 2000 e 2002) do Concello de Vigo. Descubriu a estación paleolítica de Chan do Cereixo en Portavedra (Gondomar). Ten publicado os seguintes libros: *Fortalezas de la provincia de Tuy* (1987 e 2001), *Vigo, la ciudad que se perdió* (1991, 1992, 1994, e ampliada en 2001), *Arquitectura da pedra en Vigo* (1999), *El puerto de Vigo. Síntesis histórica* (2001), *Centro social Caixanova* (2003). En colaboración ten tamén publicado *Vigo 1900-1920, arquitectura modernista* (1980), e na compañía de José Ramón Iglesias Veiga os seguintes libros: *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista* (1995), *Vigo, arquitectura urbana* (2 tomos, 2000), *Percorridos pola arquitectura histórica de Vigo* (2002) e a colaboración na colección de *Artistas galegos, arquitectos* (2002 e 2003). Ten publicado ademais numerosos traballos en revistas especializadas, así coma moitos artigos na prensa. Impartiu conferencias e fixo milleiros de fotografías para os seus libros e traballos, sendo o artífice das exposicións fotográficas *Arquitectura Modernista. Vigo 1900-1920 e Castelos de Galicia*. Coma arquitecto fixo máis de dous mil proxectos tanto de arquitectura coma de urbanismo para a propiedade privada e as institucións públicas (concellos, Deputación, Universidade e Xunta de Galicia). No Val Miñor, onde reside gran parte do ano dende hai máis de trinta, fixo cerca de cincocentos proxectos.

Na REM ten publicado “A estación paleolítica da Chan do Cereixo na Portavedra” (nº 1, 2001), “O antigo hospital de Sancti Spiritus de Baiona” (nº 2, 2002) e “En defensa do

patrimonio histórico, arquitectónico e ambiental de Baiona” (nº 3, 2003). [páx 43]

GÓMEZ COSTAS, CARLOS

(Chandebrito, Nigrán, 1979)

Técnico Superior en Administración. Oficial administrativo da Administración Pública Local. Secretario da A.VV. O Castro de Chandebrito. Desempeñou o cargo de secretario en diversas entidades da súa parroquia; nos últimos anos participou en diversos traballos relacionados coa cultura, etnografía e o medioambiente do concello de Nigrán. [páx 159]

GONZÁLEZ CHAMORRO, MARÍA XOSÉ

(Paxón, Nigrán)

Licenciada en Filoloxía Galega e Portuguesa pola USC. É profesora de Lingua e Literatura Galega no IES Escolas Proval de Nigrán. É autora do nº 4 dos Cadernos do IEM *Os nomes de Gondomar* e da versión galega de *Digby e Gondomar. Dous embaixadores* de Lois Tobío. [páx 117]

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, JUAN MIGUEL

(Bouzas, Vigo, 1961)

Licenciado en Historia con Premio Extraordinario Fin de Carreira. Doutor pola USC. Profesor de Ensino Secundario. Integrante do Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén”, Membro Fundador do “Instituto de Estudios Vigüeses” e afiliado á “Fundación Española de Historia Moderna”. Do Consello de Redacción das revistas “Solaina”, “Pontevedra Arqueolóxica” e “Boletín” do I.E.V. Asesor Histórico de “Pontevedra”, da Deputación Provincial. Asesor Científico da exposición “Rande 1702. Arde o Mar” e co-comisario de “Vigo 1809: Reconquista. Feitos, armas e personaxes”.

Ex-colaborador na prensa periódica e autor de múltiples artigos sobre a romanización, administración local na Época Moderna e política municipal nos séculos XIX e XX, así como de temas vigüeses.

Entre as súas publicacións destacan: *Os Alcaides e os Concellos de Vigo* –coautor–, *Inventarios das ermidas de Vigo e do Val do Frago*–, *Teis (Lavadores/Vigo): memoria histórica dunha parroquia do litoral*, *Bouzas y otros juzgados gallegos del siglo XVIII*, *La Casa solariega de O Couto*, *El pazo y romería de San Roque*, e o capítulo “Idade Moderna” da *Historia de Vigo* da Ed. Vía Láctea. [páx 103]

HERMIDA L., JUAN J.

(Nigrán, 1970)

Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. O seu proxecto de tese no Departamento de Xenética da Facultade de Bioloxía abordou o estudo do fenómeno do Desequilibrio Gamético no cromosoma 11 humano, unha ferramenta moi importante para a detección de xenes de enfermidades e para comprender a organización dos xenes que compoñen o noso xenoma. Actualmente exerce como profesor de Ensino Secundario e compatibiliza os seus labores docentes con tarefas de investigación. Asistiu a varios congresos nacionais e internacionais, e publicou varios artigos en revistas de prestixio internacional no seu campo. [páx 171]

IGLESIAS VIQUEIRA, VÍCTOR MANUEL

(Vigo, 1947)

Periodista e escritor. Redactor de *Faro de Vigo* desde 1966, foi correspondente de diversas axencias de noticias, así como colaborador en distintas emisoras de radio e revistas de humor. Autor de numerosos libros de humor, máximas e novela curta, é coñecido sobre todo polos seus *Pensamentos de miau* e polos contos para nenos, publicados ambos en *Faro de Vigo*. Inaugurou a colección *Letras da Groba* do IEM co seu *Xabarín, Xabarín* e nesta revista publicou “Val Miñor, o don da disparidade” (REM nº 1, 2001) e “Baiona, o imperio do ouro” (REM nº 2, 2002). [páx 223]

LÓPEZ GARRIDO, DEMETRIO

(Baños de Molgas, 1944)

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Profesor de Lingua e Literatura no IES nº 1 de Vigo. Na actualidade reside en Nigrán. No nº 3, 2003 da Revista de Estudos Miñoranos recolléronse “Cape diem” e “Elexía”. [páx 213-215]

LÓPEZ RODRÍGUEZ, CÉSAR

(Ourense, 1950)

Realizou estudos de Maxisterio na súa cidade natal. Exerceu en diversos colexios desta provincia. En 1976 foi destinado ao Colexio de Vilarinho (Nigrán) do cal foi Director e Secretario durante varios anos. No curso 1997-98 integrouse no IES “Escolas Proval” de Nigrán onde exerce como Mestre de Inglés. Realizou cursos de fotografía e participou en diversos concursos. Unha das súas fotos for-

mou parte da exposición “Nove fotografías para a Volta dos Nove” na estancia baionesa do Barco da Memoria. Realizou cursos de pintura e debuxo. Neste campo a súa obra queda reducida ao ámbito particular.

Gran afeccionado á música realizou estudos de piano no conservatorio de Ourense e Gondomar, así como de guitarra, instrumento no que se iniciou aos 11 anos. Ten realizado diversos traballos de investigación musical. [páx 139]

MAURE RIVAS, XULIÁN

(Vigo, 1941)

Licenciado en Teoloxía, en Filoloxía Románica e Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelá no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante moitos anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixe a Biblioteca Virtual www.bivir.com, promovida por el no ano 2000. Foi fundador, primeiro presidente e director xeral de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Membro da xunta de fundadores do xornal *Diario de Galicia*, membro do Consello Asesor de IGADI, do Consello de Redacción de *Viceversa*. *Revista Galega de Tradución*, da Xunta Directiva de *Tempos Novos* e da Fundación Plácido Castro. Escribiu varios estudos en revistas especializadas sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre eles están *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), publicado polo Consello da Cultura Galega, e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*. Vén de publicar *Para unha escriptoloxía da lingua galega*. Edición e estudo escriptolóxico do Tombo do Hospital dos Pobres de Tui (1436-1490).

Os documentos editados neste número, así como os recollidos na REM nº 3, 2003, baixo o título “A perda do galego instrumental: dous documentos notariais de Baiona (1518-1522)”, forman parte dun proxecto seu de publicar o patrimonio documental da colección de Baiona que se garda no Arquivo da Catedral de Tui.

Reside dende hai máis de dúas décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos. [páx 63]

NAVAZA BLANCO, GONZALO

(Lalín, 1957)

Escritor, tradutor, estudoso da toponimia, actor de teatro e profesor na Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo. Doutor en filoloxía coa tese *Fitotoponimia galega*, de recente publicación.

Actualmente vive en Peiteros (Gondomar). Coma literato destacan *Fábrica Íntima*, *Erros e Tánatos*, *Libra*, *A torre da derrota* (poemario en versos palíndromos), *Santos e defuntos* e *Elucidario*. En 1997 tivo un grave accidente automobilístico, co trauma do accidente aínda fresco na retina e na mente, recibiu un premio do *Arcebispo San Clemente*, polo seu libro *Erros e Tánatos*. Outros premios que gañou foron o Premio Martín Códax (*Libra*, 2000), o Premio da Crítica Española (*Fábrica Íntima*, 1991 e *Libra*, 2000), Premio Eusebio Lorenzo Baleirón (*Fábrica Íntima*, 1991). Traduciu grandes obras e éxitos de vendas en galego, como por exemplo, *A chamada da selva* de Jack London. Traduciu tamén obras de Georges Perec e Robert Graves. Recibiu o Premio Ramón Cabanillas de tradución literaria en 1989 pola súa versión para o galego de *O can dos Baskerville* de Conan Doyle.

Dirixiu a elaboración dos dicionarios de galego da editorial Xerais no ano 1988, chegando a crear o máis vendido da historia do galego (*O pequeno Xerais*). Como docente, impartiu cursos de galego para emigrantes en Basilea e de lingua e literatura galegas en Salvador na Universidade Federal da Bahía, (Brasil), Lexicógrafo e especialista en toponimia e antroponimia, é membro da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. Participou no recente II Congreso de Onomástica e preside a Asociación Galega de Onomástica.

Coma internauta, é o autor dun magnífico website titulado E TI O NAVÍO NA NOIVA NOITE, unha páxina chea de literatura, creación e bo humor. Nel poderás encontrar o Panteón de Lalinenses Ilustres, a sorprendente sección de Palíndromos (palabra ou texto que se le igual de atrás para diante e de diante para atrás), gozar dos seus últimos traballos narrativos e consultar unha sección literaria, “Furabolos”, constantemente actualizada polo autor, que achega links ás obras e autores máis importantes da literatura mundial, incluíndo linguas, ademais do galego, coma o inglés, francés, portugués, catalán, alemán, castelán etc... [páx 217]

NIETO GONZÁLEZ, REMIGIO

(Salvaterra de Miño, 1936)

Mestre, escritor e pintor. Realiza por libre estudos de Filosofía, Pedagogía e Artes Plásticas. En Baiona funda e dirixe un centro privado de cultura xeral e durante oito anos a Biblioteca Pública Municipal da vila, na que escribe a súa primeira obra: *Contribución a una Bibliografía de Bayona la Real*. A Corporación Municipal en Pleno outórgalle en 1975 unha mención especial, considerándoo como un dos principais promotores da acción cultural no concello. Durante 22 anos exerce como profesor de Educación Artística nos colexios públicos de Santa María de Oia e Isidora Riestra de Poio. En Pontevedra é cofundador de FEPA (Fomento da Expresión Plástica e Artística) e membro de INSEA (Sociedade Internacional para a Educación pola Arte). Trata de difundir e pór en práctica a educación a través da arte, realizando prácticas e traballos de investigación pedagóxica. Escribe o tratado *Iniciación á apreciación da Arte na Escola* (sen editar). Colabora como comentarista de arte nos xornais *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* e *Diario de Pontevedra*, e durante 18 anos exerce como crítico da revista *Arte Galicia*. Publica *Guía Monumental Ilustrada de Pontevedra* (1980), *Debuxos Homaxe a Lugo* (1981), *Grupo Eixo. Pintura* (1992), colabora coa Concellería de Cultura na publicación da obra *Pedro García Lema* (2002), escribindo os capítulos "Introdución á obra de García Lema", "Conversando co pintor" e "Biografía". En 2003 publica o seu libro de poemas *Noctambulario*.

Como pintor ten realizado numerosas exposicións nas principais cidades galegas e a súa obra foi seleccionada nas Bienais Nacionais de Arte da Deputación de Pontevedra.

Na REM nº 4, 2004, publicou "A educación para a apreciación da arte e o fomento do patrimonio histórico-artístico no Val Miñor". [páx 71]

PEREIRA MARTÍNEZ, XOSÉ ALFREDO

(Areas, Santa Cristina da Ramallosa, 1956)

Vinculado ao movemento de recuperación dos montes veciñais en man común dende a metade da década dos 70, participando nos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) e na Coordinadora de Montes de Pontevedra. En 1989 forma parte da Coordinadora de Montes de Galicia. En 1992 é un dos funda-

dores da Mancomunidade de Montes do Val Miñor, a primeira mancomunidade de montes do país legalizada. En 1997 preside o 1º Congreso Galego de Comunidades de Montes, sendo nomeado presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común en 1999, cargo que ocupa na actualidade. Tamén é presidente da Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa, Baiona.

No nº 2, 2002 da REM publicou: "As Comunidades de Montes do Val Miñor: reivindicacións, propostas e formación (Apuntes para unha historia que está por escribir)" e no nº 4: "Falar do monte veciñal sen coñecemento e con mala fe". [páx 131]

RODRÍGUEZ MUÑOZ, SALVADOR

(Zamora, 1957)

Licenciado en Química pola USC. Profesor de Física e Química no IES "Escolas Proval" do que foi director durante moitos anos. Dende 1987 é responsábel da estación termopluiométrica do Instituto Nacional de Meteoroloxía no Val Miñor. Publicou nesta revista: "O clima no Val Miñor" (nº 1, 2001) e "Hidrometeoroloxía no Val Miñor. Ano 2000/01" (nº 2, 2002). [páx 5]

TABOADA TÁBOAS, ANTONIO

(Befesar, Baiona)

Colaborador do Departamento de Arqueoloxía do Museo Municipal Quiñones de León. Preside a Asociación Arqueolóxica Viguessa e é vicepresidente da Asociación Cultural Amigos do Mosteiro de Oia.

Participou, entre outros, no Congreso de Glifografía organizado polo Museo de Pontevedra e tomou parte en numerosos coloquios realizados polo Centre de Recherches Glyptographics de Bélxica. [páx 87]

VALVERDE OTERO, ALBERTO

(Baíña, Baiona)

Licenciado en Filoloxía Galega pola USC. Profesor de ensino secundario. No nº 3, 2003 da REM ten publicado, en colaboración, "A aldea medieval de San Cosme". [páx 201]

VASCONCELLOS CABRAL, CAÍNO

(Baiona, 1947)

Artista autodidacta. Entre os anos 1970 e 1972, en Londres, inicia a súa carreira. Son anos de inquietude, de aproveitar o tempo,

de visitas diarias á National Gallery, de estudo constante. As formas visuais, a pintura moderna, os clásicos, nada se lle escapa ao tempo que realiza as primeiras exposicións cun grupo de pintores de Hyde Park. De regreso no Val Miñor, instálase definitivamente en Baiona, a súa vila. Dedicase ao ensino nun curto período. Nestes anos emprega tanto o óleo como a acuarela ou a prumiña. Ten ilustrado infinidade de libros e colaborado coa prensa cos seus debuxos e pinturas. Participou en preto de corenta exposicións colectivas e realizou dez individuais. Entre as cidades que acolleron a súa obra podemos citar: Baiona, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo, Viana do Castelo, Vila Praia de Áncora, Bilbao, Madrid, Barcelona, Londres ou Nova York, cidade na que volveu expoñer recentemente, maio de 2006, nesta ocasión no Consulado da República Bolivariana de Venezuela. Na REM nº 2, 2002 ademais de reproducirse dous dos seus óleos, recóllense dúas composicións poéticas: “Dende o paraíso ó Piñeiro” e “Nenos de Corea”. [páx 181]

VEIGA CASÁS, JOSÉ MANUEL

(Carballo, A Coruña, 1946)

Primeiro residiu no Ferrol, despois en Santander, San Sebastián, Bilbao, Madrid. Regresou a Galicia e estableceuse, en 1984, no Val Miñor.

Oficial da Mariña Mercante pola Escuela Oficial de Telecomunicaciones de Madrid. Tres cursos de CC.EE. na U. de Sarriko, Bilbao. Master en RR.HH. pola Escuela de Negocios de Caixanova. Traballou en Telefónica, empresa da que foi Xefe de Recursos Humanos de Pontevedra-Ourense. Foi membro da Secretaría Permanente del Proyecto de Reingeniería acometido hai mais dunha década pola Telefónica. Profesor colaborador na Escuela de Negocios e en Radio ECCA.

Coordinador-redactor do Proyecto SolGa, 2 tomos, “De la Provincia al Territorio: La alternativa Galicia”, para Telefónica. Columnista de *La Voz de Galicia*, edición de Vigo, desde 1997. Membro do Comité Editorial da revista para Directivos “Índice” e do equipo de Redacción da revista “Levando Anclas”. Escritor impublicado de ficción: dúas novelas e algúns relatos. [páx 229-230]

VIDAL RODRÍGUEZ, CÉSAR

(Sabarís, Baiona, 1971)

Ornitólogo. Cofundador da Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) e membro da Sociedade Española de Ornitoloxía (SEO). Coordinador do Anuario de Aves de Galicia nos anos 1995, 98, 99 e 2000. [páx 135]

VILLAR QUINTEIRO, ROSA

(Vigo, 1960)

Arqueóloga. Estudou Maxisterio e licenciouse en Xeografía e Historia na USC especializándose en Prehistoria e Arqueoloxía. Doutora nesta especialidade, sempre compaxinou os estudos cos traballos de campo, participando en diversos proxectos de investigación de diversas universidades: en Polonia coa Universidade de Lódz; en Francia, nas escavacións do C.N.R.S. dirixidas por J. L’Helgouach na Bretaña; en Marrocos, na misión arqueolóxica hispano-marroquina para o estudo da bacía do río Draa; ademais de investigacións levadas a cabo na cornixa Cantábrica polas universidades de Oviedo, Cantabria e o Instituto de Investigacións Prehistóricas. A súa formación complétase con estancias en diversos centros de investigación na Universidade Bordeaux I, no IPI de Cantabria, en Setúbal, Porto, Oviedo, Zaragoza...

A súa tarefa investigadora centrouse sempre en Galicia, dirixindo ou formando parte de equipos que desenvolveron o estudo do Paleolítico Superior e do Epipaleolítico galego. Os resultados destes traballos recóllense na súa tese de doutoramento: *O Paleolítico Superior e Epipaleolítico en Galicia* e en numerosas publicacións en revistas especializadas, colaboracións en libros, conferencias, relatorios en congresos. Foi bolsreira da Deputación de Pontevedra, da Xunta de Galicia e Premio Xesús Taboada Chivite, como integrante dun equipo de investigación da USC. Na actualidade dirixe o Proxecto de investigación da Chan do Cereixo do Instituto de Estudos Miñoranos que é sufragado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. Sobre este tema ten publicado na REM nº 3, 2003 “Vintecinco anos do descubrimento de Chan do Cereixo: a doazón de Xaime Garrido ó Museo do Pobo Galego (Santiago). Reside en Sabarís e traballa na xestión integral do patrimonio, no sector privado. [páx 11]

